



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, SEGUNDO A ORDEN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DO 30 DE MAIO DE 2014.

### 1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA

Selección de 20 traballadores/as desempregados/as de entre os candidatos enviados polo Servizo Público de Emprego, para a prestación de servizos de interese xeral ou social por un periodo de sete meses e cunha xornada a tempo parcial de 28 horas e 12 minutos semanais (75% da xornada ordinaria), segundo a Resolución da Consellería de Traballo e Benestar de data 18/9/2014.

### 2º.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Con carácter xeral os/as candidatos/as enviados polo Servizo Público de Emprego deberán reunir os requisitos establecidos pola convocatoria do programa subvencionado (na Orden da Consellería de Traballo e Benestar de data 30 de maio 2014: DOG num 104 do día 3 de xuño 2014.), e ademáis deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requeridas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Titulación necesaria para o posto de traballo a desenvolver.



Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración da selección.

### **3º.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.**

A fase de selección, será mediante concurso-oposición, ambas fases se valorarán conxuntamente, non sendo excluíntes ningunha das probas da fase de selección.

Ambas probas se realizarán o mesmo día, polo que os aspirantes deberán asistir á hora sinalada, provistos do D.N.I. ou documento identificativo, e a carta de convocatoria remitida polo Servizo Público de Emprego.

### **4º. COMISIÓN SELECCIONADORA/TRIBUNAL: GRUPO MIXTO.**

Segundo a Orden reguladora a selección realizarase por un grupo mixto constituído por representantes da Consellería de Traballo e Benestar e da entidade beneficiaria, que actuaran de conformidade cos principios xerais de acceso ao emprego público e de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Os membro da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para os postos convocados.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 30/1992 (L.R.X. – P.A.C.)

### **5º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.**

A proba selectiva tratará de combinar equilibradamente a capacitación profesional e os aspectos sociais dos candidatos.

#### **1. FASE DE CONCURSO (Máx. 10 puntos)**

##### **a) Formación (Máx. 4,5 puntos):**

a.1 Participación en **cursos** relacionados coas funcións propias do posto de traballo:

- Hasta 30 horas: 0.20 punto
- 31 horas a 100 horas: 0.50 punto
- 101 horas a 200 horas: 0.80 punto
- Más de 201 horas: 1,25 punto

A puntuación máxima deste apartado será de **2,00 puntos**



a.2 **Outras titulacións:** Excluída a precisa para presentarse a esta selección.

Titulación de Licenciado/Grado Universitario:	2,50
Titulación de Diplomado Universitario:	1,75
Título de Técnico Superior	1,50
Titulación Bacharelato ou Técnico FP ou equivalente	1,25
Título de graduado educación secundaria obrigatoria ou equivalente	1,00

(Artigo 76 e DT 3ª da Lei 7/2007 EBEP)

A puntuación máxima deste apartado será de **2,5 puntos**

**b) Situación socio familiar (Máx. 4 puntos):** Acreditarase mediante declaración xurada.

**Cargas familiares:**

Número de membros a cargo do/a aspirante	Puntos
1	0,75
2	1,25
3	1,50
>4	2,00

**Antigüidade como demandante de emprego:**

Menos de 1 ano	0,25
1 ano ou máis	0,75
Máis de 18 meses	1,00
Máis de 2 anos	1,25
Máis de 3 anos	1,50
Máis de 4 anos	2,00

**c) Acreditación de coñecemento do idioma galego (Máx. 1,5 punto):**

Acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais. Puntuarase unicamente o de maior nivel.

Celga 1	0,5 punto
Celga 2	0.75 punto
Celga 3:	1,00 punto



Celga 4: 1,50 punto

## **2. FASE DE OPOSICIÓN (Máx. 10 puntos)**

Os aspirantes deberán asistir a unha entrevista persoal e individual, que versará sobre as competencias e a capacitación dos aspirantes para o desenvolvemento adecuado do posto. Para elo, o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto de traballo, sendo a puntuación máxima de esta proba de 10 puntos.

As cualificacións da fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións otorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

**3. VALORACIÓN FINAL.** Unha vez rematadas as probas se baremará os resultados obtidos na fase de méritos e na fase de oposición para seleccionar con tódala información recollida ós candidatos que mellor se adecúen ao posto de traballo ao que optan, sendo seleccionados os que obteñan maior puntuación.

En caso de igualdade na puntuación final dos aspirantes, terase en conta en primeiro lugar a puntuación obtida na valoración feita na entrevista, e se seguira habendo empate, se atenderá á puntuación obtida na fase de méritos e por último se persistera o empate, se resolverá por sorteo.

A comisión mixta formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva.

Se levantará acta comprensiva dos elementos ou criterios obxectivos de valoración adoptados para a cualificación, así como do resultado das probas.

## **6º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.**

O/a aspirante seleccionado/a e proposto/a polo Tribunal deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo de tres días.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non



reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

### 7º. INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

### 8º. DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

En cumprimento do disposto na "*Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal*", se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter personal por elas facilitados serán incorporados a un fichero coa finalidade da selección de personal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

Vilagarcía de Arousa, a 3 de novembro de 2014

O Alcalde Presidente

D. Tomás Javier Fole Díaz

A Secretaria Xeral.

Dña. Rosa Losada Suárez

